



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVIO: 16/01/2020

TIPOLOXÍA: VENTO E CHOIVAS (ACTUALIZACIÓN)

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 16/71 GAL_C_C_RN_TT, emitido o día 16/01/2020 ás 9:45 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **VENTO e CHOIVA de nivel LARANXA** (risco importante) que está a afectar á toda a Comunidade Autónoma.

VENTO: Dende ás 9:00 horas do 16/01/2020, as rachas máximas de vento do S e SW, poderán superar os 100 Km/h nas provincias de **A CORUÑA, PONTEVEDRA e zona da Mariña de LUGO (nivel LARANXA)**. No **Centro de LUGO e Noroeste de OURENSE**, a partir de primeiras horas da tarde as rachas de vento superarán os 100 Km/h (**nivel LARANXA**). **LOCALMENTE PODERÁN SUPERARSE OS 120 KM/H entre as 16:00 e as 19:00 horas en todas as zonas afectadas.**

No resto das provincias de LUGO e OURENSE, as rachas poderán superar os 80-90 Km/h (nivel **AMARELO**) podendo superar localmente os 100 Km/h entre as 16:00 e as 19:00 horas. A situación manterase ata á noite do día 16/01/2020.

CHOIVA: Na provincia de **A CORUÑA** (Oeste, Interior, Suroeste) dende as 9:00 horas e durante todo o día, a precipitación acumulada en 12 horas poderá acadar valores entre 80 e 90 mm. (**Nivel LARANXA**) e á acumulación de choiva nunha hora poderá superar os 15 mm. (nivel **AMARELO**).

Nas provincias de PONTEVEDRA, A CORUÑA (Noroeste) e OURENSE (Noroeste) a precipitación acumulada en 12 horas acadará valores superiores aos 40 mm. (nivel **AMARELO**) ao longo do de todo o día.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles.

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

Rev2



Xacobeo 2021

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112
Galicia

